Perante a nova Lei do Audiovisual:

Análise e perspectivas

Mª Soliña Barreiro González (Coord.)
Margarita Ledo Andión
Antía López Gómez
Ramón Zallo Elguezabal
Marcos Maceira Eiras
Francesc Marco-Palau
Paul Bilbao Sarria
Uxía Caride Blanco
Lidia María Fraga Siso
Samuel Solleiro González

grupo de estudos audiovisuais

Deseño da cuberta: Laboratorio Numax

Maquetación e impresión: Agencia Gráfica

Edición técnica: Mª Soliña Barreiro González

Tradución: Interlingua

ISBN: 978-84-09-47882-8

Depósito Legal: C 87-2023

O papel empregado neste exemplar é reciclábel, libre de cloro e obtido dunha xestión forestal sostíbel dende o punto de vista do medio ambiente.

Entre o paradoxo e a sospeita

Margarita Ledo Andión
Coordinadora do GEA, catedrática emérita da USC

Na cultura de transferencia de coñecemento e de recomendacións a instancias responsábeis das políticas de comunicación que singulariza o GEA, Grupo de Estudos Audiovisuais da USC, presentamos os materiais da xornada de traballo que titulabamos "Perante a nova Lei do Audiovisual: análise e perspectivas", celebrada o 15 de setembro de 2022 no Auditorio da Facultade de Ciencias da Comunicación. Estamos diante dunha Lei que por afectar, precisamente, dereitos de base, entendemos que reclama a posta en común, neste caso de instancias do ámbito universitario, profesional e socio-cultural, á volta da aplicación práctica de recursos materiais e legais que garantan e fagan avanzar a diversidade no sector cinematográfico e audiovisual.

Falabamos, no saúdo da sesión de apertura, dun paradoxo e dunha sospeita a respecto da devandita Lei Xeral de Comunicación Audiovisual aprobada o 20 de xuño deste 2022 e que, con 4 anos de atraso, debera facer a transposición da directiva europea de servizos de comunicación audiovisual. Lembrabamos, asemade, que dende febreiro pasado, en paralelo ao debate do que aínda era un proxecto de lei, xuntámonos e fixemos posíbel un proceso aberto de análise, elaboración de emendas e propostas para que a Lei do Audiovisual camiñase cara a unha certa equidade nos diferentes ámbitos nos que intervén, nomeadamente na oferta e acceso a series e filmes nas diferentes linguas, un proceso

que partillamos canda a Mesa de Normalización Lingüística e as diferentes organizacións do sector – da produción, o guionismo a tradución, a dirección ou a dobraxe- e mesmo ampliamos con consultas e entrevistas a deputados de diferentes forzas representadas no Parlamento galego e español.

Agora, coa lei aprobada, avaliouse o que, no concreto, a mesma significa para un ámbito alargado, o do audiovisual, que atinxe a formación, a profesión e os dereitos cidadás e nacionais. Xa que logo, a razón que con urxencia nos reunía reclamaba que aportacións e conclusións se recolleran nunha publicación, con versión ao inglés, para facela chegar a organismos e institucións internacionais.

Entre o Paradoxo e a Sospeita situamos, naquel intre, certas interrogantes a clarificar. Poisque, diciamos, todo indica ca unha directiva coma a devandita, que se di pensada para garantir a diversidade cultural e lingüística, na práctica vai devalar cara ao reforzo da lingua hexemónica, o español. Todo indica ca unha directiva pensada para apoiar as PEMES vai ser, na realidade, un instrumento de recentralización e reforzo do oligopolio mediático español. E todo indica que a lei aprobada está eivada canto ás garantías de financiamento para a produción independente, que vai anchar a fenda de xénero e mesmo que lle abre a porta á privatización das Tv's publicas. Unha paisaxe case que tenebrosa a atravesar. Endebén, confiamos ca os contidos que agora divulgamos axuden a entender certos mecanismos escuros.

A presenza activa do numeroso estudantado que participou das sesións, o apoio técnico do persoal da Facultade para a súa difusión en *streaming*, as bolseiras que acompañaron o desenvolvemento en sala, a coordinación da investigadora do GEA, M.Soliña Barreiro e as funcións de moderación do prof. Fernando Redondo e da dra. Silvia Roca nas mesas específicas sobre diversidade lingüística e sobre o estado xeral do audiovisual, foi a urdime que nos permitiu chegar a esta publicación. O noso agradecemento á investigadora do GEA, prof. Antía López, ao catedrático emérito da Universidade do País Vasco, prof. Ramón Zallo, a Mar-

cos Maceira Eiras, da Mesa pola Normalización Lingüística que xunto con Francesc Marco Palau, da Palaforma per la Llengua, e Paul Bilbao Sarria, de Kontseilua, conversaron sobre o audiovisual como sector estratéxico do punto de vista lingüístico, cultural e económico e debullaron os puntos nos que a Lei non atendeu demandas feitas desde Galiza e outras nacións, secomasí a Uxía Caride, da Asociación Galega de Produtoras Independentes, AGAPI, a Lidia Fraga da Asociación Sindical Galega de Guionistas, AGAG e a Samuel Solleiro da Asociación Galega de Profesionais da Tradución e da Interpretación, AGPTI polas súas achegas.

Facer medrar a aposta pola igualdade e a diferenza como pezas mestras da construción dun espazo de emancipación que nomeamos Audiovisual nortea estes contidos. Beizón.

Santiago de Compostela, outubro de 2022